

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

ORDE do 23 de maio de 2024 pola que se convocan prazas de residencia para persoas colaboradoras bolsieras nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para o curso académico 2024/25 (código de procedemento ED308A).

Os centros residenciais prestan un servizo que contribúe eficazmente a facilitar o acceso ao ensino postobrigatorio non universitario do alumnado que debe realizar os seus estudos en localidade distinta á do domicilio habitual. E o normal funcionamento deste tipo de centros, tanto en aspectos relacionados coa orde interna e a convivencia como nos relativos ao desenvolvemento de accións formativas complementarias, exige que o persoal profesional que traballa na residencia conte co reforzo de colaboradores, alumnado universitario que compatibilizan os seus estudos co labor de apoio na residencia.

A disposición derradeira primeira do Decreto 43/1989, do 2 de marzo, polo que se transforman os centros de ensinanzas integradas en institutos de educación secundaria e profesional en centros residenciais docentes, faculta a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o seu desenvolvemento.

Na súa virtude, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Condicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. A presente orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e o procedemento (ED308A) para adxudicar prazas de residencia ás persoas colaboradoras bolsieras nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para o curso académico 2024/25.

2. O número de prazas ofertadas é o seguinte:

Centro residencial docente da Coruña: 18 prazas.



Centro residencial docente de Ourense: 6 prazas.

Centro residencial docente de Vigo: 6 prazas.

3. As persoas adxudicatarias de prazas de colaboradora bolsreira utilizarán os servizos da residencia de forma gratuíta, durante o período de funcionamento en que estean abertas as residencias.

Artigo 2. *Requisitos persoais e dispoñibilidade*

1. A persoa solicitante deberá ter os seguintes requisitos:

a) Dezaoito anos feitos, ou facer esta idade dentro do ano natural 2024.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño do labor de apoio no desenvolvemento da actividade diaria da residencia.

2. A distancia entre o centro universitario onde curse os estudos e o centro residencial docente, así como os medios de comunicación existentes, deberán garantir a dispoñibilidade no horario en que teña que realizar o devandito labor de apoio.

Artigo 3. *Requisitos académicos*

1. A persoa solicitante deberá estar inscrita ou matriculada en ensinanza universitaria de grao, mestrado oficial, primeiro, segundo ou terceiro ciclo nunha facultade, escola superior, escola universitaria ou colexio universitario no curso 2024/25.

2. Considéranse estudantes en réxime de dedicación académica a tempo completo os matriculados no número de créditos indicado a seguir:

a) Estudos de grao: 60 créditos.

b) Estudos de primeiro e segundo ciclo: o número de créditos que resulte de dividir o total dos que integran o plan de estudos (agás os de libre elección) entre o número de anos que o compoñan.

Estes solicitantes terán preferencia na adxudicación de prazas.



3. Non obstante, as persoas solicitantes en situación de matrícula parcial poderán obter praza cando estean matriculadas no número mínimo indicado a seguir:

- a) Estudos de grao: entre 30 e 59 créditos.
- b) Estudos de primeiro e segundo ciclo: o 50 % dos créditos indicados no punto 2.b).

Artigo 4. *Incompatibilidades*

1. As persoas beneficiarias de praza de colaboradora bolsreira non poderán realizar, mentres gocen desta, ningún tipo de traballo remunerado.

2. Así mesmo, será incompatible con estar en posesión ou reunir os requisitos necesarios para obter un título académico de nivel igual ou superior ao dos estudos que pretende realizar.

3. A condición de persoa beneficiaria será compatible coa obtención de axudas na convocatoria xeral de bolsas e axudas ao estudo, agás aquelas que teñan como compoñente o pagamento de gastos de comedor e/ou residencia.

CAPÍTULO II

Criterios de baremo: económicos, académicos e outros méritos

Sección 1ª. Valoración de criterios económicos: renda e deducións

Artigo 5. *Membros computables da unidade familiar*

1. A persoa solicitante deberá indicar os membros computables da unidade familiar na data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* cubrindo o anexo II desta orde.

2. Terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

- a) O alumnado solicitante.
- b) As persoas proxenitoras non separadas legalmente nin divorciadas.
- c) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora.



d) As irmás e irmáns solteiros menores de 25 anos que dependan das persoas proxenitoras, sempre que convivan no domicilio familiar.

e) As irmás e irmáns maiores de 18 anos con discapacidade sempre que convivan no domicilio familiar.

3. Cando a persoa solicitante alegue que vive de forma independente respecto da súa unidade familiar deberá acreditar: a dispoñibilidade da vivenda (en propiedade, en alugamento...); que vive de forma efectiva nela (recibos de luz, auga...); e que dispón de medios económicos suficientes para facer fronte aos seus gastos. Se non xustifica os aspectos indicados, non se considerará probado, para os efectos desta orde, a circunstancia de vida independente.

4. Non terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

a) A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada que non conviva habitualmente co fillo/a solicitante, agás se as persoas proxenitoras teñen (ou tiveron) a custodia compartida.

b) O agresor, nos casos de violencia de xénero constatada de acordo co artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Artigo 6. *Renda da unidade familiar*

1. Para os efectos desta orde, a renda da unidade familiar obterase pola suma das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculados segundo indican os números seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas; computaranse as rendas do exercicio fiscal 2022.

2. Cando o membro computable presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, a renda da unidade familiar será a suma da base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible do aforro (recadro 460); cando non a presente, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Tributaria.

3. Nos casos de separación legal ou divorcio, compútanse os ingresos de ambas persoas proxenitoras se, durante a minoría de idade da persoa solicitante, houbo custodia compartida.



4. Os ingresos obtidos polo novo cónxuxe ou parella de feito da persoa proxenitora coa que conviva habitualmente a solicitante compútanse para calcular a renda da unidade familiar.

5. Nos casos de violencia de xénero quedan excluídos do cómputo os ingresos do agresor (artigo 38 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero).

Artigo 7. *Deducións da renda familiar*

Calculada a renda familiar segundo o indicado, aplicaranse as deducións seguintes:

1. 500 € por cada irmán, incluída a persoa solicitante, cando se trate de familias numerosas de categoría xeral; e 750 € para familias numerosas de categoría especial, en ambos os casos, sempre que convivan no domicilio familiar.

2. 1.800 € por cada irmán, incluída a persoa solicitante, que estea afectado de discapacidade legalmente cualificada de grao igual ou superior ao 33 %; e 2.900 € cando a discapacidade sexa de grao igual ou superior ao 65 %.

3. 1.200 € por cada irmán, incluída a persoa solicitante (menores de 25 anos), que curse estudos postobrigatorios, universitarios ou non, sempre que resida fóra do domicilio familiar por razón dos estudos.

Artigo 8. *Limiar de renda e baremo*

1. Terase en conta o limiar 2 fixado polo Real decreto 201/2024, do 27 de febreiro, do Ministerio de Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2024/25, recollido no seguinte cadro:

Número de membros da familia	Limiar (euros)
Familias de un membro	13.898
Familias de dous membros	23.724
Familias de tres membros	32.201
Familias de catro membros	38.242
Familias de cinco membros	42.743
Familias de seis membros	46.142



Número de membros da familia	Limiar (euros)
Familias de sete membros	49.503
Familias de oito membros	52.850
Cada membro adicional ao 8º	3.340

Cando a persoa solicitante sexa orfa absoluta e menor de 25 anos, o limiar da renda familiar incrementarase no 20 %.

2. Atendendo á porcentaxe que represente a renda da unidade familiar respecto dos limiares calculados segundo o punto anterior, atribuiranse as seguintes puntuacións:

- a) Ata o 50 %: 6 puntos.
- b) Ata o 60 %: 5 puntos.
- c) Ata o 70 %: 4 puntos.
- d) Ata o 80 %: 3 puntos.
- e) Ata o 90 %: 2 puntos.
- f) Ata o 100 %: 1 punto.
- g) A partir do 100 %: 0 puntos.

Sección 2ª. Valoración do rendemento académico

Artigo 9. Valoración do rendemento académico

1. Para o alumnado matriculado por primeira vez en estudos de grao no curso 2024/25, terase en conta a nota de acceso aos estudos universitarios.

2. Para o alumnado xa matriculado en ensinanzas universitarias, terase en conta a nota media obtida no curso 2023/24. Cando non cursase estudos no curso 2023/24, terase en conta a nota media do último curso que realizase.

3. A nota media será a media aritmética das cualificacións numéricas finais obtidas no curso na escala 0 a 10. As materias non presentadas valoraranse con 2,50 puntos.



4. Cando se trate de plans de estudos organizados por créditos, a puntuación obtida en cada materia pondérase en función do número de créditos que a integran, de acordo coa seguinte fórmula: $V = P \times \text{NCa} / \text{NCt}$.

V: resultado da ponderación da nota obtida en cada materia.

P: puntuación de cada materia.

NCa: número de créditos que integran a materia.

NCt: número de créditos cursados computables.

A nota media final é a suma dos valores resultantes da ponderación da nota obtida en cada materia.

5. Nos plans de estudos organizados por materias, a nota media calcularase dividindo o total de puntos obtidos entre o número total de materias.

6. Unicamente cando non existan cualificacións numéricas, aplicarase a seguinte táboa:

a) Matrícula de honra = 10 puntos.

b) Sobresaliente = 9 puntos.

c) Notable = 7,5 puntos.

d) Aprobado = 5,5 puntos.

e) Suspenso, non presentado ou non apto: 2,50 puntos

Sección 3ª. Outros méritos: experiencia e coñecementos

Artigo 10. Experiencia e coñecementos

1. Para asegurar a maior idoneidade das persoas solicitantes no desenvolvemento do labor de apoio na actividade da residencia, a Comisión realizaralles unha entrevista que versará sobre: a) experiencia derivada da participación en cursos e/ou actividades educativas ou formativas; b) coñecemento de linguas estranxeiras e/ou de ofimática; c) experiencia na realización de actividades ou funcións similares, coa finalidade de avaliar a aptitude ou capacidade para o bo desempeño ou exercicio da actividade de apoio na residencia,



así como a súa actitude persoal ou disposición de ánimo (responsable, organizativo, conciliador, solidario...).

2. Estes méritos acreditaranse documentalmente. O resultado da entrevista e a ponderación dos méritos reflectirase nun informe.

3. A puntuación máxima que se poderá outorgar a estes méritos é de 4 puntos.

Artigo 10.bis. *Experiencia específica no centro residencial*

A Comisión, logo de valorar a experiencia adquirida na realización do traballo de colaboración no propio centro residencial docente no curso inmediatamente anterior, poderá outorgar unha puntuación máxima de 4 puntos.

CAPÍTULO III

Procedemento para a adxudicación de praza en período ordinario

Artigo 11. *Competencias*

Na tramitación do procedemento de adxudicación de prazas de residencia a persoas colaboradoras bolseiras, corresponderá a instrución, ao respectivo centro residencial docente; e a valoración dos criterios de baremo, a resolución e publicación, á Comisión de Valoración que para tal efecto se constituirá en cada centro residencial.

Sección 1ª. Solicitude, prazo e documentación

Artigo 12. *Presentación de solicitudes*

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).



2. A solicitude deberá estar asinada pola persoa solicitante e implicará que acepta as bases da convocatoria, que reúne os requisitos exixidos nela e que son certos todos os datos que constan na solicitude.

Artigo 13. Prazo de presentación de solicitudes en período ordinario

O prazo de presentación de solicitudes en período ordinario será desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria ata o 7 de agosto de 2024.

Artigo 14. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (modelo normalizado anexo I) a seguinte documentación:

a) O anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar), de ser o caso.

b) Xustificante de inscrición ou matrícula en ensinanza universitaria no curso 2024/25.

c) O documento que acredite a nota de acceso aos estudos, no caso do alumnado matriculado por primeira vez en estudos de grao no curso 2024/25.

d) O certificado oficial das notas obtidas no curso 2023/24, no caso do alumnado xa matriculado en ensinanza universitaria; se non cursou estudos no curso 2023/24, o das notas do último curso que realizase.

e) Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figuren todos os membros computables. Se non ten libro de familia ou este non reflicte a situación á data de publicación desta convocatoria, poderá acreditar o número de membros da familia utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:

1º. Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

f) Certificado de convivencia da persoa solicitante e os demais membros computables da familia que residan no mesmo domicilio á data de publicación desta convocatoria.



g) Certificado de discapacidade da persoa solicitante e dos demais membros da unidade familiar non expedido pola Administración autonómica.

h) Documentación xustificativa de ter domicilio en propiedade ou en alugamento e de dispoñer dos medios económicos suficientes para facer fronte aos gastos, en caso de alegar independencia familiar e económica.

i) Calquera outro documento que consideren conveniente.

2. A documentación complementaria deberase presentar electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A Información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. Os documentos achegados deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal e familiar na data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, agás a renda da unidade familiar, que será a correspondente ao exercicio fiscal 2022.



Artigo 15. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoñan á súa consulta:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante cando sexa menor de idade e do resto dos membros computables da unidade familiar.

b) Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou, na súa falta, certificado tributario de imputacións do exercicio 2022, da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar.

Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

c) Certificado de discapacidade da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar expedido pola Administración autonómica.

d) Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivale a discapacidade igual ao 33 %), da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar.

e) Consulta dos datos de defunción da persoa proxenitora do alumnado solicitante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.



Artigo 16. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 17. Falta de xustificación de requisitos e/ou de criterios de baremo

A Comisión de Valoración poderá requirir a documentación complementaria que considere necesaria, para constatar a concorrencia dos requisitos e dos criterios de baremo. A falta ou insuficiente xustificación dun requisito impedirá obter a praza, e cando a omisión ou deficiente xustificación afecte un criterio de baremo, atribuiráselle neste 0 puntos.

Artigo 18. Publicación dos actos

Logo da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, publicaranse na páxina web e/ou no taboleiro de anuncios do respectivo centro residencial docente: as listaxes provisionais e definitivas previstas nesta orde coas indicacións necesarias para xestionar o procedemento.

Artigo 19. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade do artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para



todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sección 2ª. Comisión de Valoración

Artigo 20. Comisión de Valoración: composición e funcións

1. A Comisión de Valoración constituirase en cada centro residencial docente e estará formada por:

- a) Presidente/a: a persoa titular da dirección do centro residencial.
- b) Vogais: o/a xefe/a de residencia; un/unha educador/a ou profesor/a de actividades.
- c) Secretario/a: un/unha funcionario/a do centro.

2. Á Comisión corresponderalle valorar os criterios de baremo asignando as puntuacións e as demais funcións atribuídas nesta orde.

Sección 3ª. Listaxes provisionais, definitivas, adxudicación de prazas e listaxe de suplentes

Artigo 21. Publicación das listaxes de puntuacións provisionais das persoas admitidas e relación das excluídas

1. O día 22 de agosto de 2024, a Comisión de Valoración publicará no taboleiro de anuncios ou na páxina web do respectivo centro: a listaxe de puntuacións provisionais das persoas admitidas (a total por orde descendente, e a desagregada correspondente a criterios económicos, rendemento académico e outros méritos); e a relación provisional de persoas excluídas, indicando a causa.



2. As persoas solicitantes poderán formular reclamación ante a Comisión de Valoración no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

3. As reclamacións formuladas entenderanse estimadas ou desestimadas mediante a publicación das listaxes definitivas.

Artigo 22. Publicación das listaxes das puntuacións definitivas, da relación de persoas excluídas, da adjudicación de prazas e da listaxe de suplentes

1. O día 30 de agosto de 2024, a Comisión de Valoración publicará no taboleiro de anuncios ou na páxina web do centro: a listaxe de puntuacións definitivas das persoas admitidas (a total por orde descendente, e a desagregada correspondente a criterios económicos, rendemento académico e outros méritos); a relación definitiva de persoas excluídas; e a relación de suplentes.

Así mesmo, a dirección do centro residencial docente expedirá a correspondente credencial ás persoas adjudicatarias.

2. Contra estas resolucións da Comisión de Valoración, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web do centro residencial.

CAPÍTULO IV

Procedemento de adjudicación de praza en período extraordinario

Artigo 23. Solicitudes e tramitación

1. Cando, feita a adjudicación de prazas en período ordinario, sigan existindo prazas vacantes, o centro residencial abrirá un prazo de presentación de solicitudes en período extraordinario entre o 2 e o 6 de setembro de 2024, ambos incluídos.

2. A tramitación destas solicitudes axustarase ao establecido nos artigos anteriores, agás no relativo ás datas e prazos, que serán os seguintes:

a) Publicación da listaxe provisional: o 13 de setembro de 2024 (este incluído).

b) Prazo para formular reclamación: ata o 20 de setembro de 2024 (este incluído).



c) Publicación da listaxe definitiva e da adxudicación de praza: o 27 de setembro de 2024 (este incluído).

CAPÍTULO V

Obrigas das persoas colaboradoras bolsseiras e causas de perda da praza

Artigo 24. *Obrigas das persoas colaboradoras bolsseiras*

As persoas colaboradoras bolsseiras teñen as seguintes obrigas:

1. Residir no centro residencial docente.

2. Colaborar no desenvolvemento das tarefas e actividades relacionadas con accións formativas complementarias durante o período de funcionamento en que estea aberto aos residentes.

3. Na súa condición de colaboradora ante o resto das persoas residentes, teñen a obriga de cumprir e facer cumprir as normas de réxime interno, as normas de convivencia e os horarios que permitan o normal desenvolvemento da vida residencial.

Artigo 25. *Causas de perda da praza*

1. As persoas colaboradoras bolsseiras poderán perder a praza:

a) Por non incorporarse ao centro residencial na data de inicio da súa actividade, agás causa de forza maior debidamente xustificada.

b) Por non residir os días lectivos no centro residencial, agás causas debidamente xustificadas.

c) Por inexactitude ou falsidade nos datos ou na información achegada, cando afecte a concorrencia de requisitos exixidos na convocatoria.

d) Por inexactitude ou falsidade nos datos ou na información achegada cando, afectando a criterios de baremo, a puntuación outorgada nese criterio fose determinante da adxudicación da praza.

e) Por incumprimento das normas de réxime interno do centro residencial, ou do deber de vivir o cumprimento por parte dos residentes, cando se trate de condutas gravemente



prexudiciais para a convivencia ou condutas leves contrarias á convivencia, descritas respectivamente nos artigos 15 e 16 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Artigo 26. *Procedemento*

1. Ante un incumprimento das indicadas obrigas, a dirección do centro residencial daralle audiencia á persoa interesada e advertirlle expresamente por escrito que, en caso de reiteración, se incoará o procedemento.

2. Se a persoa colaboradora incorre de novo en incumprimento das indicadas obrigas, a dirección do centro iniciará o procedemento concedéndolle un prazo de cinco (5) días hábiles para que presente alegacións, documentos ou xustificacións que considere convenientes. Á vista destas, ou transcorrido o prazo concedido, solicitará informe motivado á xunta de residencia.

3. A continuación, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución.

4. Fronte a esta resolución, a persoa interesada poderá interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Disposición adicional primeira. *Período de funcionamento dos centros residenciais docentes*

1. O período de funcionamento dos centros residenciais docentes coincidirá co calendario escolar que a consellería competente en materia de educación aprobe e publique no *Diario Oficial de Galicia* para o curso 2024/25. En todo caso, o centro residencial permanecerá pechado a partir do 30 de xuño de 2025.

2. Así mesmo, permanecerán pechados as fins de semana (desde o venres pola tarde ao domingo pola noite), tal e como establezan as normas de réxime interno do centro.

Disposición adicional segunda. *Deber de confidencialidade*

O persoal que preste servizos nos centros residenciais docentes que, con motivo do desenvolvemento das súas funcións, acceda a datos persoais e económicos do alumnado e das familias, quedará suxeito ao deber de confidencialidade e á lexislación sobre protección de datos.



Disposición derradeira primeira. *Recurso*

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde a mesma data (artigos 8, 10 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

Disposición derradeira segunda. *Vixencia*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2024

Román Rodríguez González

Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional



**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL**

ANEXO I

PROCEDEMENTO ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DE RESIDENCIA A PERSOAS COLABORADORAS BOLSEIRAS EN CENTROS RESIDENCIAIS DOCENTES	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO ED308A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PERSOAIS

DATA DE NACEMENTO	SEXO	LUGAR DE NACEMENTO
<input type="text"/>	<input type="radio"/> FEMININO <input type="radio"/> MASCULINO	<input type="text"/>



**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONALANEXO I
(continuación)**DATOS ACADÉMICOS**

TÍTULO QUE POSÚE

ESTUDOS REALIZADOS NO CURSO 2023/24

CUALIFICACIÓNS OBTIDAS NO CURSO 2023/24

CENTRO EN QUE REALIZOU OS ESTUDOS

ESTUDOS QUE REALIZARÁ NO CURSO 2024/25

CENTRO NO QUE ESTÁ INSCRITO OU MATRICULADO

OUTROS COÑECEMENTOS TÍTULOS (musicais, deportivos, etc.)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que acepta as bases da convocatoria
2. Que reúne os requisitos exixidos nela
3. Que son certos todos os datos que constan na solicitude




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL**
**ANEXO I
(continuación)**
DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar), de ser o caso
- Xustificante de inscrición ou matrícula en ensinanzas universitaria no curso 2024/25
- Documento que acredite a nota de acceso aos estudos, no caso de alumnado matriculado por primeira vez en estudos de grao no curso 2024/25
- Certificado oficial das notas obtidas no curso 2023/24, no caso de alumnado xa matriculado en ensinanzas universitarias; se non cursou estudos no curso 2023/24, o das notas do último curso que realizase
- Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figuren todos os membros computables
- Se non ten libro de familia ou se este non reflicte a situación familiar na data de publicación desta convocatoria, poderá acreditar o número de membros da familia utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:
- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor
- Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia
- Certificado de convivencia da persoa solicitante e dos demais membros computables da familia que residan no mesmo domicilio na data de publicación desta convocatoria
- Certificado de discapacidade da persoa solicitante e dos demais membros da unidade familiar non expedido pola Administración autonómica
- Documentación xustificativa de ter domicilio en propiedade ou en alugamento e de dispoñer dos medios económicos suficientes para facer fronte aos gastos, en caso de alegar independencia familiar e económica.

OUTRA DOCUMENTACIÓN**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.			OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante			<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante			<input type="checkbox"/>
MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN			
<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade da persoa solicitante expedido pola Administración autonómica			<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivale a discapacidade igual ao 33 %)			<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Consulta dos datos de defunción da persoa proxenitora do alumnado solicitante			<input type="checkbox"/>
NOME E APELIDOS	DATA DE NACEMENTO	LUGAR E DÍA DO FALECEMENTO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.			AUTORIZO A CONSULTA
Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou, na súa falta, do certificado tributario de imputacións do exercicio 2022			<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non



**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL****ANEXO I
(continuación)****INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Secretaría Xeral Técnica.
Finalidades do tratamento	Os datos persoais facilitados no presente formulario serán tratados coa finalidade de xestionar a adxudicación de prazas de persoa colaboradora bolsreira nos centros residenciais docentes, así como a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como na restante normativa recollida no presente formulario e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, oposición, limitación e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos)
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 23 de maio de 2024 pola que se convocan prazas de residencia para persoas colaboradoras bolsseiras nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para o curso académico 2024/25 (código de procedemento ED308A).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de Centro Residencial Docente 



ANEXO II

COMPROBACIÓN DE DATOS DOS MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR

ED308A - ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DE RESIDENCIA A PERSOAS COLABORADORAS BOLSEIRAS EN CENTROS RESIDENCIAIS DOCENTES

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de menores de idade, este documento deberá ser asinado por unha das persoas proxenitoras, tutor/a ou representante legal. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

NOME E APELIDOS	NIF	MENOR DE IDADE	TITOR/A OU REPRESENTANTE LEGAL		COMPROBACIÓN DE DATOS Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas		SINATURA
			NOME E APELIDOS	NIF		OPÓNOME Á CONSULTA	
		<input type="checkbox"/>			DNI/NIE	<input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN		
		<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade expedido pola Administración autonómica ou	<input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/> Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez ou equivalente de clases pasivas ⁽¹⁾		
		<input type="checkbox"/>			CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS No caso de non dar autorización, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA	
		<input type="checkbox"/>			Renda 2022 ⁽²⁾	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="checkbox"/>			DNI/NIE	<input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN		
		<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade expedido pola Administración autonómica ou	<input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/> Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez ou equivalente de clases pasivas ⁽¹⁾		
		<input type="checkbox"/>			CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS No caso de non dar autorización, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA	
		<input type="checkbox"/>			Renda 2022 ⁽²⁾	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		<input type="checkbox"/>			DNI/NIE	<input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN		
		<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade expedido pola Administración autonómica ou	<input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/> Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez ou equivalente de clases pasivas ⁽¹⁾		
		<input type="checkbox"/>			CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS No caso de non dar autorización, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA	
		<input type="checkbox"/>			Renda 2022 ⁽²⁾	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	

1. Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivale a discapacidade igual ao 33 %).
2. Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou, na súa falta, do certificado tributario de imputacións do exercicio 2022.

ANEXO II
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Secretaría Xeral Técnica.
Finalidades do tratamento	Os datos persoais facilitados no presente formulario serán tratados coa finalidade de xestionar a adxudicación de prazas de persoa colaboradora bolseira nos centros residenciais docentes, así como a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como na restante normativa recollida no presente formulario e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Lugar e data

 , de de